

Instalacións artísticas

Actividade: Instalacións artísticas: “O circo”

As instalacións son propostas artísticas a través das que convidamos aos nosos alumnos/as a pensar, dar novos significados aos obxectos e manipular.

O neno/a como suxeito que interpretar o que lle rodea, entra nunha interacción co material (distintos obxectos dispostos nun orden específico) de forma simbólica. É dicir, deconstrúe, toca, emprega e transforma para volver a construír, outorgándolle novos significados aos obxectos.

A nosa instalación artística ten o CIRCO como tema. Esta estrutura é moi intuitiva e permite cambiar elementos de sitio.

É importante poñer música e focos de luz antes de que entren os nenos/as para crear un espazo que invite máis á exploración.

Música: Proposta musical de Rene Aubry.

Destinatarios: Todo o centro.

Duración aproximada: 20 minutos.

Descrición da actividade:

As instalacións son propostas artísticas a través das que convidamos aos nosos alumnos/as a pensar, dar novos significados aos obxectos e manipular.

O neno/a como suxeito que interpretar o que lle rodea, entra nunha interacción co material (distintos obxectos dispostos nun orden específico) de forma simbólica. É dicir, deconstrúe, toca, emprega e transforma para volver a construír, outorgándolle novos significados aos obxectos.

A nosa instalación artística ten o CINE como tema, xa que este é o noso proxecto no curso actual.

Normas de uso do espazo:

Antes de entrar na aula na que se atopa a instalación (aula multiusos) explicámoslle a actividade e as normas ao alumnado.

1. Falamos nun ton de voz baixo.
2. Non corremos.
3. Podemos manipular todo o que se atopa na instalación pero sen lanzalo nin golpéalo.
4. O rol do adulto debe ser de observador e mediador só no caso de que sexa necesario.

Para finalizar a actividade, é importante ofrecerlle ao alumnado un espazo de conversa para que exprese as súas vivencias. Estes relatos poden ser orais ou gráficos.